

Desexámosvos...

un bo

libro

e

unhas felices
vacacións.



Nadal 2008

DENDE A
BIBLIOTECA




PENSANDO
“NESA”

...que tod@s pensades escribir ...

... o meu colega o rato e máis eu pensamos que nada como estas datas para desenvolver a vena literaria epistolar (pídete un diccionario) e poñernos a escribir, e non precisamente tarxetas de felicitación, non. Desas cartas nas que pedides e pedides e pedides. Ao señor gordecho, coma o rato, que viaxa sempre en zorra con renos, ao trío que prefire os camelos para viaxar, iso si, ningún deles ten problema co precio do gasoil, e tampouco contaminan. Coma xa vin que nos catálogos eses que vos viñeron repartir á saída do cole non ven un só libro, pois andivemos o rato e máis eu a voltas buscando os máis bonitos títulos para que os podades incluír na vosa carta (lembra de copialos ben, sen faltas, que sei que a algún/ha o ano pasado trouxéronlle un caderno de ortografía). Para que vos acompañen na casa, no autobús de camiño ao cole, para que os levedes á cama e durmades con eles, para ensinalos ás/aos avós/as, para presumir deles cos/as amiguet@s, para levalos ao parque, para comer con eles, para soñar con eles... Non, non falo dunha gatiña ou un rato (de peluxe, de trapo, de verdade), xa sabedes do que falo, non si?. E na Hora de Ler, podedes traelos a ensinar, a compartir. Pedide, pedide, que tal vez o goberno axude ao do traxe encarnado e ao trío real como fixo coa banca para que non noten a crise... pero tampouco vos pasedes, que hai que deixar para tod@s!!!!



1º CICLO DE PRIMARIA:




- Mimi e a xirafa azul-C.Visscher-Baía: Mimi desexaba tanto o nacemento do seu irmán, que leva unha grande decepción ao ver que non é capaz de facer nada. A pesar da grave discapacidade do pequeno, Mimi aprenderá a quererlle.

- Amelia quere un can-T.Bowley-

Kalandraka: O seu pai non lle fai moito caso cando Amelia pide un can, anque ben sabe que cando ela pensa, hai problemas. Un elefante, unha balea, conseguirá Amelia ter un can?. É quen de coidar unha mascota?



- Remoldiño vai á feira-X.Cuba-Merliño, Xerais: Nada menos que á feira de Monterroso, e sen pagar billete, irá o caracol Remoldiño. Aló agarda por el o seu amigo Rolando. E... que tal lles irá?
- Las cosas que le gustan a Fran-B.Piñán- violeta infantil, Hotel Papel: A protagonista deste conto vive en familia coa súa nai e con Fran. A Fran gústanlle moitas cousas, ler, vivir con elas. mimar a mamá, cociñar cousas ricas. Só hai unha cousa que non lle gusta a Fran. Queres saber cal é?



- León de Biblioteca-M.Knudsen-Ekaré: Cando o enorme león entra na Biblioteca, explícanlle que debe cumprir as normas. O león adora a hora do conto, así que vai cada día e ata axuda. Un pequeno accidente faille incumplir unha norma ... e lle riñen. Non perdas as caras deste usuario exemplar. Seguirá na biblio?

- Bestiario Cubano- Darién- Baía: Se vas a Cuba, debes saber onde podes atopar o Chichiricú, ou o Ciguapa, saber como son, ou se son perigosos. Os dragóns, meigas, unicornios xa os tes moi vistos.



PEQUEN@S que aínda non veñen ao cole:


- Chispa na tina/Tatá na bañeira-P.Carreiro-A Nosa Terra: Varios títulos para "ler" na auga, con imaxes cheas de cor e situacións familiares.

E se @ pequerrech@ é forof@ da velocidade, do mesmo autor e editorial:


- Ambulancia/camión de bombeiros/camión do lixo/ coche de policía: Con rodas
- Este no es mi gatito-F.Watt-Usborne: Hai moitos gatiños, pero só un é o meu. Libro de texturas para ler, mirar e tocar

MAMASES,PAPASES,PROF@S e demáis adult@s:

- O xardín das pedras flotantes-M.Lourenzo G.-Xerais: Dende a Ida de Media á actualidade, un extraño libro vai sementando morte entre quen o acolle, tecendo unha intrincada rede de herdanzas que chega ata o tenro e fantástico amor de Simón e Anabel, apenas adolescentes, que non serán alleos á maldición.



- O club da calceta-Mª Reimóndez-Xerais: Entre as actividades dunha sociedade, están as clases de calceta que imparte Tía Lavinia. Seis mulleres totalmente diferentes, con diferentes expectativas e visións da vida, compartirán as súas historias, tomando conciencia da súa propia existencia e da necesidade de superar os atrancos que unha sociedade aínda machista lles pon no camiño. Relatada con ternura e doses de humor, non hai estamento que non quede por tocar.



- El gato del kimono-N.Peña-Dib-buks: Banda deseñada en branco e negro, fascinante mestura de soño e realidade que parte dunha illa xaponesa, pasando por Gran Bretaña, dende a bellísima moza oriental ata a misteriosa dama de Hyde Park ... seguindo a un gato negro que fuxe dun quimono.

